

JULIÁ LUNA, CAROLINA (2012): *Variación léxica en los nombres de las partes del cuerpo. Los dedos de la mano en las variedades hispanorrománicas*. Frankfurt am Maim: Peter Lang (Colección: Studien zur romanischen Sprachwissenschaft und interkulturellen Kommunikation, vol. 79), 347 pp.

Carolina Juliá vennos ofrecendo con regularidade desde o ano 2007 unha serie de interesantes estudos sobre o léxico do corpo humano nas variedades hispanorrománicas. Neste libro realiza unha revisión e reestruturación dos contidos dunha parte da súa tese doutoral, defendida no ano 2010 na Universidade Autónoma de Barcelona, sobre estrutura e variación no léxico do corpo humano; en concreto revisa o capítulo adicado ao estudo das denominacións recollidas para os dedos das mans en catalán, español e galego. A análise dos datos é realizada desde unha perspectiva multidisciplinar; por un lado analiza a variación e a distribución das diversas denominacións e a súa etimoloxía e, polo outro, a motivación semántica a partir da aplicación das teorías e dos postulados da lingüística cognitiva.

Juliá estuda 597 formas léxicas simples e complexas que extrae de oito atlas lingüísticos (*Atlas lingüístico de Castilla y León; Atlas lingüístico del domini català; Atlas lingüístico y etnográfico de Andalucía; Atlas lingüístico y etnográfico de Aragón, Navarra y Rioja; Atlas lingüístico y etnográfico de Cantabria; Atlas lingüístico y etnográfico de Castilla-La Mancha; Atlas lingüístico y etnográfico de las Islas Canarias* e *Atlas lingüístico galego*), que ofrecen unha visión bastante completa do conxunto das variedades románicas peninsulares. Non é a primeira vez que a autora recorre á xeografía lingüística para obter os datos obxecto do seu estudo, porén resulta curiosa a escaseza de investigacións de carácter diatópico sobre o campo semántico do corpo humano a partir dos datos dos mapas xeolingüísticos, como ben sinala a autora, posto que este campo

aparece sistematicamente nos cuestionarios dos atlas¹. Para o léxico galego do corpo humano contamos cos estudos de Romero e Santos (2002), Negro (2012) e as diversas investigacións de Juliá nas que inclúe datos sobre a nosa lingua (2007, 2009a, 2009b, 2010, 2011, 2012). Os traballos desta investigadora son un bo exemplo das posibilidades de análise que ofrece o material recollido nos atlas, que se constitúen nunha excelente fonte para a realización de estudos de diversa índole e non só de carácter diatópico.

O libro divídese en dúas partes claramente diferenciadas e complementarias destinadas a presentar os aspectos e conceptos teóricos máis importantes no estudo do léxico do corpo humano e a súa aplicación aos datos da xeografía lingüística.

Na primeira parte, preséntanse ao longo de cinco capítulos as distintas liñas de investigación teórica e práctica sobre o léxico do corpo humano que xurdiron desde múltiples disciplinas, épocas e perspectivas. Para cada unha delas Juliá ofrece información sobre os traballos máis importantes ou pioneiros, polo que esta parte constitúese nunha boa lectura para todos aqueles que se queiran iniciar no estudo do léxico do corpo humano desde diversas perspectivas e coñecer os traballos de referencia.

O capítulo 1 sinala o lugar que ocupou o corpo humano na evolución das ciencias cognitivas e, en especial, na lingüística cognitiva. Carolina Juliá describe as principais características da lingüística cognitiva e o modo en que se investigou desde esta disciplina a relación que manteñen corpo, mente e realidade na creación do coñecemento a partir da análise das estruturas lingüísticas. Dentro da lingüística cognitiva é fundamental o concepto de 'embodiment' ou 'corporeidade', ao que a autora adica a segunda epígrafe deste capítulo, o cal fai referencia á importancia do corpo, que xa lle concederan investigadores como Piaget e Maurice Merleau Ponty na área da psicoloxía e da filosofía respectivamente, na creación do significado e na conceptualización da realidade. Como sinala Juliá noutro

dos seus traballos sobre o léxico do corpo humano “las partes del cuerpo humano son una parte fundamental en la comunicación, situación y relación del ser humano con su entorno y con los demás seres humanos” (2007: 104).

O capítulo 2 pretende demostrar a conveniencia da aplicación do cognitivismo ao estudo do campo semántico do corpo humano para unha completa caracterización do léxico referido a este dominio desde unha perspectiva pancrónica. Para tal fin Juliá describe algúns dos conceptos, teorías e traballos que xurdiron arredor do estudo do corpo humano co obxectivo de demostrar a elevada presenza dos lexemas desta área semántica na nosa realidade lingüística e cognitiva diaria. A autora céntrase nunha parte do capítulo nas investigacións sobre universais e o léxico do corpo humano, estudado desde tres puntos de vista: o modo en que os falantes de distintas linguas e sociedades estruturan e dividen as partes do corpo, análise da que se ocupa a *partonomía*; a existencia de patróns comúns de creación léxica neste dominio semántico, onde existen metáforas universais (coma, por exemplo, “os dedos son membros dunha familia”) e ao mesmo tempo é xeral que certas partes do corpo non presenten denominacións por metáfora (ollo, orella, man, nariz), polo que a universalidade é en ambos os sentidos; e, por último, desde a *somatoxénese*, teoría que propón que a orixe das linguas, e os conceptos que con elas se expresan, está relacionada con imaxes do corpo humano e que estas proceden das primeiras experiencias dos sentidos. Para finalizar o capítulo, a investigadora aproxímanos aos traballos en que se analiza o corpo humano desde unha perspectiva histórico-semántica e etimolóxica. Detense no artigo de Zauner (1903), pioneiro nesta área, nos traballos de Skoda (1988), André (1991) e Castillo Contreiras (1996 e 1998), así como no proxecto DECOLAR (*Dictionnaire étimologique et cognitif des langues romanes*).

O capítulo 3, o de maior extensión desta parte da obra, céntrase na metáfora e a súa importancia tanto no proceso de creación de nomes de partes do corpo como no doutras

realidades creadas con voces relativas a estas (animais, plantas e vexetais, espazo...). A autora realiza unha descrición das características deste procedemento semántico esencial, da súa tipoloxía e das relacións metafóricas que se establecen entre o dominio do corpo humano e outros ámbitos, para alén de fornecer abondosos exemplos de metáforas na formación de voces de partes do corpo. Ademais, destaca a importancia dos postulados cognitivos á hora de mudar o concepto de metáfora, entendida agora como unha estratexia mental e non só como un mero recurso estilístico. Neste capítulo concédeselle especial relevancia aos traballos de Lakoff e Johnson, entre os que hai que destacar a importante obra *Metaphors We Live By*, onde se sinala que “most of our ordinary conceptual system is metaphorical in nature” (1980: 4) e se propón unha tipoloxía e estrutura das metáforas totalmente diferente á existente.

O capítulo 4 está adicado á metonimia, mecanismo conceptual básico, xunto coa metáfora, na creación léxica e no cambio de significado. Juliá describe as súas características principais, a súa tipoloxía, principalmente a das metonimias cognitivas, e amosa algúns exemplos de proxeccións metonímicas dentro do dominio léxico-conceptual do corpo humano. Como indica a autora, o estudo semántico-cognitivo da linguaxe amosou que a realidade non se conceptualiza só mediante a metáfora ou a metonimia, senón que para unha mesma idea poden intervir ambos os procedementos, e achega nomes de traballos que se centran na interacción entre os dous fenómenos.

O capítulo 5 detense nos somatismos, definidos tradicionalmente como unidades fraseolóxicas que conteñen lexemas referidos a partes ou órganos da anatomía humana ou animal. Juliá presenta as características esenciais do concepto ‘somatismo’, seguidas dunha exposición das principais liñas de investigación dos estudos sobre fraseoloxismos somáticos, onde existe predilección pola análise de expresións que conteñen nomes de partes externas do corpo referidas esencialmente á

cabeza e ás extremidades, e dunha proposta de ampliación do seu significado e o seu uso a outros sectores lingüísticos. A autora considera, en liña con outros investigadores, que se debería de empregar o termo para referirse tamén a todo uso metafórico ou metonímico de nomes referidos a partes do corpo independentemente do contexto morfosintáctico en que se atopen, polo que *brazo de xitano* ou *crebacabezas* pasarían tamén a ser somatismos.

Da lectura destes primeiros capítulos podemos deducir que o corpo humano posúe unha grande importancia na conceptualización da realidade. Ademais, Juliá deixa clara a gran mudanza que supuxo na investigación deste campo semántico a aplicación do cognitivismo ás distintas áreas que se ocupan do estudo do corpo humano.

Na segunda parte do libro, conformada tamén por cinco capítulos adicados a cada un dos dedos da man, lévase a cabo a análise empírica das 597 designacións extraídas dos atlas lingüísticos. O exame onomasiolóxico, isto é, o exame dos distintos significantes asociados aos significados 'polegar', 'dedo índice', 'dedo corazón', 'dedo anular' e 'dedo maimiño', organízase seguindo o seguinte esquema en cada capítulo:

- 1 Clasificación das variantes léxicas segundo a súa motivación semántica, a súa frecuencia de uso e as súas relacións e características morfolóxicas.
- 2 Información xeográfico-lingüística.
- 3 Áreas léxico-semánticas nas que se distribúen as denominacións.
- 4 Designacións latinas.
- 5 Estudo semántico realizado desde a perspectiva do cognitivismo.

O estudo e clasificación de cada unha das formas en grupos léxico-motivacionais permítelle á autora advertir a existencia de estratexias creativas que se repiten nas denominacións dos dedos en catalán, español e galego. As designacións rexistradas nos distintos atlas teñen que ver co tamaño do dedo ou coa po-

sición; con aptitudes ou cualidades; con nomes de parentesco; con crezas ou costumes populares ou son denominacións xenéricas. Noutros casos existe confusión entre os nomes dos distintos dedos, algo moi frecuente entre partes do corpo próximas entre si, ou as formas proceden de cancións ou refráns populares.

A información xeográfico-lingüística é nos ofrecida indicando os atlas en que se recolle o concepto e os puntos en que se rexistra cada forma léxica. Os mapas de cada atlas cos puntos de enquisa recóllense no anexo ao final do libro. Esta epígrafe parécenos a menos práctica, xa que ao non presentar os mapas dos propios atlas, se queremos visualizar a distribución das formas en cada territorio, ou ben elaboramos nós o mapa a partir das listaxes de datos que ofrece a autora ou ben recorremos a consultar directamente os atlas. Ignoramos a causa pola que Juliá non optou por disponibilizar os mapas, pero facilitarían a consulta da información e esta sería de maior utilidade para o lector.

Porén, os mapas motivacionais ofrecidos pola autora na terceira epígrafe posibilitan visualizar de xeito rápido e claro as áreas nas que se distribúen as distintas formas e delimitar as semellanzas e diferenzas que se establecen nos procesos de creación léxica das variedades estudadas. A análise dos mapas elaborados para cada concepto permítelle concluír a Juliá que a área galego-astur-leonesa conforma unha área léxico-motivacional independente, pois presenta grupos designativos propios cunha forte vitalidade de uso e con gran presenza en todo o territorio. O resto das zonas xeográfico-lingüísticas reflicten a preferencia por certos tipos de motivacións e a tendencia a conformar tamén áreas léxico-semánticas, aínda que menos estables que as que constitúen o grupo do galego e asturleonés. No territorio galego-asturleonés para designar o dedo polegar son máis frecuentes as formas relacionadas coa acción de matar insectos (*matapiollos*, *escachapiollos*), namentres para o resto do territorio son máis comúns as denominacións que teñen que

ver co tamaño (*dedo gordo*) ou proceden do latín (*pulgar*); para o dedo índice predominan as formas que indican a acción de facer furados no miolo do pan (*furabolos*), mentres no resto do territorio de fala española abundan as que se basean nas propiedades deícticas do dedo (*índice, dedo de señalar*) ou as que están vinculadas á acción de meterse o dedo no nariz (*mocoso, sacamocos*), especialmente en territorio andaluz; para o dedo corazón destacan as formas que fan referencia ao tamaño (*maior de todos, máis grande*), fronte ás designacións relacionadas coa posición na parte máis oriental da Península (*dit del mig, mitjancer*) ou co corazón en Cantabria, Castilla-La Mancha e Andalucía (*corazón, dedo de la arteria*); e para o dedo anular destacan as designacións de nomes de parentesco (*sobriño, irmanciño, padriño*), porén no territorio de fala española predominan as formas vinculadas á alianza (*dedo del anillo, anular*). Por outra banda, para cada un dos dedos tamén se rexistran formas denominativas secundarias que en moitas ocasións son case exclusivas da área galego-astur-leonesa, como sucede, por exemplo, coas designacións que proveñen de nomes de parentesco e de relacións sociais e persoais recollidas para os dedos polegar, índice e corazón.

Na cuarta epígrafe, adicada ás designacións latinas, Juliá ofrece as motivacións existentes en latín para referirse a cada dedo, datos que evidencian que nesta lingua xa existía un significativo grao de variación léxica e un revelador número de motivacións denominativas populares que se mantén na historia evolutiva románica.

Na quinta epígrafe a autora céntrase nos mecanismos de denominación dos dedos, ademais de proporcionarnos informacións histórico-etimolóxicas para cada designación. Entre os procedementos empregados no proceso denominativo destas partes do corpo destacan o uso da metáfora e da metonimia, dous dos mecanismos máis frecuentes nas denominacións das partes do corpo humano, como se pode ver noutros estudos de Juliá sobre as partes do ollo (2007, 2009, 2011, 2012) ou no noso

traballo sobre as formas léxicas empregadas para nomear a úvula (2012); a descrición das características máis destacadas de cada un dos dedos, outra estratexia designativa frecuente para referirse a pequenas partes do corpo (Juliá 2012: 21); e as crenzas populares.

A estruturación destes últimos cinco capítulos adicados ao estudo das denominacións dos dedos das mans e a rigurosidade de Juliá á hora de analizar e clasificar os datos extraídos dos atlas (non podemos perder de vista que se enfronta ao estudo de case seiscentas formas léxicas) posibilitalle ao lector ir descubrindo patróns ou modelos recorrentes e comúns na motivación léxica dos conceptos estudados, que a propia autora se encarga de destacar na conclusión do libro.

Carolina Juliá volve contribuír enormemente a un maior coñecemento da variación léxica no dominio semántico do corpo humano, a través dun traballo innovador no ámbito dos estudos da xeografía lingüística. A innovación do seu estudo radica por un lado no feito de que parte dos datos sobre o corpo humano contidos nos atlas lingüísticos e, polo outro, na análise dos datos desde unha perspectiva multidisciplinar na que se combinan propostas de tres disciplinas que permiten o estudo da variación léxica: a etimoloxía, a semántica e a xeolingüística. Para as persoas que nos adicamos ao estudo da variación léxica e do cambio lingüístico en galego, este libro e os restantes traballos de Juliá constitúense xa en obras de obrigada lectura. Agardamos que a autora continúe nesta liña de investigación e dea ao prelo novos estudos sobre a variación léxica neste e noutros campos semánticos.

Referencias bibliográficas

- Juliá Luna, Carolina (2007): *Léxico y variación: las denominaciones de las partes del ojo*. Bellaterra: Universitat Autònoma de Barcelona (Traballo de investigación en liña, <http://www.recercat.net/handle/2072/4360>).
- Juliá Luna, Carolina (2009a): "Los nombres de la pupila en los atlas regionales de la Península Ibérica", *Lingüística Española Actual* 31/1, 90-131.
- Juliá Luna, Carolina (2009b): "El cuerpo humano en la creación y motivación de los nombres romá-

nicos de insectos”, *Revue de Linguistique Romane* tomo 73, nº. 291-292, 321-369.

Juliá Luna, Carolina (2010): *Estructura y variación en el léxico del cuerpo humano*. Bellaterra: Universitat Autònoma de Barcelona.

Juliá Luna, Carolina (2011): “Procedimientos de creación léxica en las designaciones iberorrománicas del párpado (I)”, *Revista de Filología Románica* 28, 49-68.

Juliá Luna, Carolina (2012): “Procedimientos de creación léxica en las designaciones iberorrománicas del párpado (II)”, *Revista de Filología Románica* 29, 11-31.

Lakoff, George / Mark Johnson (1980): *Metaphors We Live By*. Chicago: Chicago University Press.

Negro Romero, Marta (2012): “Names for the uvula in the west of the Iberian Peninsula: a geolinguistic approach”, *Dialectologia*. Special issue III (<http://www.publicacions.ub.edu/revistes/dialectologiaSP2012/>).

Romero, Mario / Larisa Santos (2002): “As denominacións dos dedos das mans: un estudo motivacional”, en Rosario Álvarez / Francisco Dubert / Xulio Sousa (eds.), *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega/ Consello da Cultura Galega, 303-327.

¹ Para máis información sobre a presenza do campo semántico das partes do corpo humano nos distintos atlas lingüísticos peninsulares, véxase Juliá (2007).

Marta Negro Romero

NAVAS SÁNCHEZ-ÉLEZ / M^a VICTORIA (2011): *EL BARRANQUEÑO, UN MODELO DE LENGUAS EN CONTACTO*. Madrid: Editorial Complutense, 319 pp.

No ano 2011 o servizo editorial da Universidade Complutense de Madrid publicou esta obra dentro da súa colección *Línea*. É froito dos traballos desenvolvidos pola autora ao longo dos últimos 25 anos sobre a lingua na vila portuguesa fronteiriza con España coñecida como Os Barrancos. En palabras de Gabriela Vitorino e João Saramago, autores da presentación do volume, “desde la obra *Filología Barranquenha*. *Apontamentos para o seu estudo*, trabazo póstumo de José Leite

de Vasconcelos, el dialecto barranqueño no había sido descrito de modo tan complejo y sistemático”.

O libro trata sobre a variedade barranqueña, determinada pola mestura de portugués e español ou, como ben matiza a autora, polo contacto de variedades alentejanas con variedades andaluzas occidentais e extremeñas. A investigación da que parte iniciouse nos anos 80 baixo a dirección do Profesor Lindley Cintra e foi posteriormente orientada pola Profesora Isabel Heb Faria co auspicio do Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa, que tamén colabora na edición.

Estamos ante un traballo que aborda con estrita meticulosidade unha realidade tan intrincada como a das linguas en contacto; e máis neste caso no que se encontran variedades xeográficas (cos seus respectivos estándares por detrás) que deron lugar a unha nova, coa súa propia idiosincrasia. No seu afán por abranguer a cuestión en toda a súa complexidade, a autora bota man de todos os recursos de que pode dispor, recorrendo a bibliografía dos ámbitos dialectolóxico, sociolingüístico, estatístico, antropolóxico, histórico e xeográfico, sen esquecer o fonético, léxico e morfosintáctico. Todo isto fai que o estudo teña unha consistencia incontestable. Ademais, resulta moi interesante a atención que se dá a outras situacións similares de contacto entre variedades portuguesas e españolas; en especial ao chamado “fronteiriço”, denominación baixo a que se agrupan as falas de certas áreas do noroeste de Uru-guai, raianas con Brasil.

Trala introdución, na que se manifestan os obxectivos de afondar na investigación existente sobre o barranqueño e propoñer un modelo de análise para situacións de linguas en contacto, preséntase un primeiro capítulo no que se fai unha detallada contextualización histórica e xeográfica de Barrancos. Nela dáse conta da orixe do asentamento e as posteriores loitas entre portugueses e casteláns polo seu dominio, coas conseguíntes reboacións. Con moito tino, Navas comenta a evolución da fronteira entre as actuais pro-